Boletín Informativo de Traballo e Benestar

Consellería de Traballo e Benestar - marzo 2014, n.º 94




# Plan de emprego xuvenil 2014-2015





- Feijóo destaca que o Plan de emprego xuvenil 2014-2015, dotado con 100 M€, beneficiará nos vindeiros dous anos máis de 95.000 persoas a través dun paquete de 19 medidas para fomentar a formación e a inserción laboral da mocidade galega.

**Santiago, 20 de febreiro de 2014**.- O presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, anunciou na rolda de prensa do Consello a aprobación do Plan de emprego xuvenil 2014-2015 que, dotado con 100 millóns de euros nos próximos dous anos, beneficiará máis de 95.000 mozos e contará cun paquete de 19 medidas para facilitar a súa inserción laboral a través de tres eixos fundamentais: a formación, a contratación e o emprendemento. "Unha folla de ruta específica -dixo- para procurar que os mozos e mozas galegas teñan un pouco máis fácil atopar un traballo, é dicir, un oco no mercado laboral".



## Ábrese o prazo para solicitar praza nas 146 escolas infantís da rede A Galiña Azul da Xunta

- A conselleira de Traballo e BeO Diario Oficial de Galicia publica a orde que regula este procedemento para o curso 2014/2015
- As solicitudes poderán presentarse ata o venres 21 de marzo inclusive
- No baremo para nenos e nenas de novo ingreso increméntase a puntuación otorgada a cada pai e nai por estar en situación laboral de ocupación.

## Mato demanda un Pacto de Estado para a demografía que conte coa implicación de todas as forzas políticas e institucións

- A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, participou en Zaragoza no II Encontro interterritorial polo Cambio Demográfico, no que participan outras cinco comunidades autónomas: Aragón, Asturias, Castela e León, Estremadura, e Castela – A Mancha
- Estes seis territorios subscribiron unha declaración institucional, na que reclaman tamén unha Estratexia nacional que, segundo Mato, permitirá garantir a igualdade entre todos os cidadáns e previr a exclusión social

Informe do paro rexistrado

## Galicia rexistra a primeira baixada do paro nun mes de febreiro desde 2007, con 1.006 desempregados menos

- A directora xeral de Emprego e Formación, Ana María Díaz López, explicou que esta diminución produciuse en termos mensuais e interanuais, unha circunstancia que non se daba desde había 6 anos, antes de comezar a crise económica
- Trátase do cuarto descenso interanual consecutivo, o que confirma a tendencia de contención de destrución do desemprego que se iniciou a finais de 2013
- A baixada vincúlase principalmente ao sector dos servizos, que concentra máis do 86 por cento do total.

Sumario


| | | | |
|---|---|---|---|
| Formación e emprego | 2-5 | Política social | 9-12 |
| Informe do paro rexistrado | 5 | Xuventude e voluntariado | 13-14 |
| Traballo e economía social | 6-8 | Publicacións | 15 |
| Sinistralidade laboral | 8 | Normativa | 16-20 |


Créditos

Edita: Consellería de Traballo e Benestar

Elaboración: Sección de Publicacións e Estatísticas

Coordinación: Pepa Dabán Royo

Maquetación: Antonio Lameiro Ces

ISSN: 2254-7835

# Feijóo destaca que o Plan de emprego xuvenil 2014-2015, dotado con 100 M€, beneficiará nos vindeiros dous anos máis de 95.000 persoas a través dun paquete de 19 medidas para fomentar a formación e a inserción laboral da mocidade galega

- Subliña que se trata dunha actuación necesaria para abordar de forma específica un dos datos máis preocupantes da crise económica, como é o paro xuvenil, que en Galicia é cinco puntos inferior á media estatal
- Asegura que a metade das accións deste programa están dirixidas ao fomento da formación; accións que aglutinan case o 75% do orzamento, dado que os datos acreditan que máis de 28.000 mozos e mozas menores de 30 anos en Galicia ou non teñen ningún tipo de formación ou só contan con estudos primarios
- Sostén que, ademais de incentivar a contratación en empresas, esta estratexia de emprego xuvenil recolle unha serie de medidas como a nova orde para autónomos menores de 30 anos, as axudas para a creación de pemes, ou as accións formativas en ferramentas de creación e xestión de empresas
- Precisa que o Plan avoga, tamén, pola fórmula do cooperativismo, e apunta que, desde 2009, en Galicia se crearon 255 cooperativas onde traballan preto de 5.000 persoas, e que a nosa comunidade será unha das primeiras en contar cunha lei de economía social que, como novidade, recollerá a creación da cooperativa xuvenil

**Santiago, 20 de febreiro de 2014.-** O presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, anunciou na rolda de prensa do Consello a aprobación do Plan de emprego xuvenil 2014-2015 que, dotado con 100 millóns de euros nos próximos dous anos, beneficiará máis de 95.000 mozos e contará cun paquete de 19 medidas para facilitar a súa inserción laboral a través de tres eixos fundamentais: a formación, a contratación e o emprendemento. "Unha folla de ruta específica -dixo- para procurar que os mozos e mozas galegas teñan un pouco máis fácil atopar un traballo, é dicir, un oco no mercado laboral".




Tal e como avanzara a principios desta mesma semana, Feijóo subliñou que se trata dunha actuación necesaria para abordar de forma específica un dos datos máis preocupantes da crise económica, como é o paro xuvenil que, segundo dixo, aínda que non son cifras "razoables", en Galicia é cinco puntos inferior á media do resto de España.

Nesta liña, destacou que, con carácter xeral, a maioría dos indicadores de Galicia se atopan nunha posición menos mala que no conxunto de España. Así, apuntou que a taxa de desemprego na Comunidade Autónoma é catro puntos inferior á media do resto de España; que no ano 2013 o paro rexistrado reduciuse en 10.000 persoas, e que Galicia é a comunidade autónoma onde máis se incrementou o índice de produción industrial. Ademais, sinalou que, a data de novembro, as exportacións se situaron tres puntos por riba damedia estatal e o endebedamento da nosa comunidade é 3 puntos inferior á media.

Feijóo subliñou que o programa é "un plan concreto para os mozos e as mozas galegas, que non só os mantén como prioritarios nos accesos ás distintas fórmulas de axudas e incentivos á contratación da Xunta de Galicia, senón que debuxa unha folla de ruta específica para a mocidade galega que non atopa traballo", asegurou.

### Unha xuventude mellor formada e con máis oportunidades laborais

Ao fío disto, o responsable do Goberno autonómico avogou por afondar no eido da formación, e puxo como referencia os datos que acreditan que máis de 28.000 mozos e mozas menores de 30 anos ou non teñen ningún tipo de formación ou só teñen estudos primarios. Por iso, avogou pola necesidade de traballar "de forma concreta e específica" fronte a este escenario cara ao que se dirixe o plan, que pretende concretar obxectivos para mellorar a capacidade dos mozos de poder atopar un emprego.

Segundo relatou, a metade das accións deste programa están, polo tanto, dirixidas ao fomento da formación; accións que aglutinan case o 75% do orzamento do proxecto e que completarán o camiño realizado nestes últimos anos nos que a preparación para o emprego da xente nova ten sido un dos eixes esenciais das políticas da Xunta nesta materia.

O presidente autonómico destacou, tamén, a necesidade de seguir incentivando a contratación dos mozos e mozas menores de 30 anos. "Hai que promover que as nosas empresas poidan apostar por eles e conten cos mellores profesionais", aseverou, despois de precisar que o plan aposta por novos mecanismos neste eido como os incentivos á contratación de mozos que nin estudan nin traballan, ou os contratos de formación dual que ofrecen un contrato nunha empresa cun salario acorde ao convenio colectivo.




**O presidente da Xunta na rolda de prensa do Consello, na que interveu a conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato**

No tocante ao emprendemento, Feijóo garantiu o apoio aos autónomos, aos emprendedores e ás cooperativas de xente moza. "Desde a Xunta temos feito do emprendemento do traballo autónomo un piar da nosa política activa de emprego", aseverou e, neste sentido, precisou que o Plan de emprego xuvenil recolle unha serie de medidas como a nova Orde para autónomos menores de 30 anos, as axudas para a creación de pemes, ou as accións formativas en ferramentas de creación e xestión de empresas.

### Impulsar o cooperativismo

Así mesmo, precisou que a estratexia avoga, tamén, pola fórmula do cooperativismo. Ao respecto, lembrou que desde 2009 en Galicia se crearon 255 cooperativas onde traballan preto de 5.000 persoas. Feijóo resaltou que, neste eido, a nosa será unha das primeiras comunidades autónomas en contar cunha lei de economía social que, como novidade, recollerá a creación da cooperativa xuvenil.

O presidente da Xunta concluíu a súa intervención incidindo en que este Plan de emprego xuvenil está deseñado para que nos anos nos que se poida iniciar un tenue repunte do crecemento económico, que será probablemente máis sólido no ano 2015, se acompañe a mocidade cun plan de emprego específico, especialmente para aqueles mozos con máis baixa cualificación, que "son os que máis axuda e máis incentivo necesitan", asegurou.

### Actuacións prioritarias para os mozos con máis baixa cualificación

Pola súa banda, a conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, insistiu en que ese é o obxectivo prioritario deste plan posto que, "as estatísticas indican que son os mozos con menor formación os que máis dificultades están a atopar para a súa inserción laboral", concretou.

Durante a súa intervención, a responsable de Traballo e Benestar fixo tamén fincapé nas novas medidas que se poñen en marcha ao abeiro deste plan: a atención preferente aos mozos que nin estudan nin traballan, así como os novos incentivos á contratación dirixidos a este mesmo colectivo; a formación de desempregados de baixa cualificación en centros educativos; a regulación de prácticas laborais para mozos cualificados; e o deseño de programas específicos para fomentar o emprendemento e o cooperativismo entre a mocidade. A maiores, e ata completar as 19 actuacións recollidas no plan, executaranse outras medidas relacionadas co emprendemento, as bolsas formativas ou a internacionalización.

Dado que este programa busca beneficiar especialmente os mozos e mozas con escasa ou nula cualificación, a formación é un dos seus eixos principais. Dentro desta liña de actuación, Mato destacou a formación para mozos sen cualificación, que lles permitirá obter certificados de profesionalidade; ou o contrato de formación dual, que permiten combinar un traballo (con salario acorde ao convenio colectivo) e unha formación específica, que supera o 25 por cento da xornada.

Puxo en valor, tamén, a formación para desempregados en centros educativos, que se pon en marcha grazas a un acordo entre as Consellerías de Traballo e Educación; e o programa de atención preferente no Servizo Público de Emprego a mozos que nin estudan nin traballan, a través do que se lles deseñará un itinerario individual que combinará orientación, acompañamento e formación.

Ademais, o documento inclúe medidas orientadas especificamente á contratación, como son os incentivos á contratación (incorpóranse como novidade uns específicos destinados aos mozos que nin estudan nin traballan); as prácticas de mozos cualificados en empresas, que durarán uns 9 meses; e o apoio aos autónomos a través dunha orde específica destinada á xuventude, no que as subvencións oscilarán entre os 6.000 e os 10.000 euros; un 10% máis que as axudas ordinarias ao colectivo de autónomos. Tamén se impulsará entre a xuventude o cooperativismo, unha fórmula que está demostrando unha especial resistencia á crise económica.

Ademais, Mato resaltou a continuidade e impulso doutras medidas relevantes. No eido da cualificación, salientou a formación profesional dual e a modular; e a formación de mozos sen cualificación a través de iniciativas como os programas de cualificación inicial. Ademais, no ámbito do emprendemento, tamén se dá continuidade a actuacións como a rede galega de viveiros de empresa en centros educativos; as axudas para a creación de PEMES; as bolsas formativas para realizar proxectos de mellora nas pemes; as accións formativas de titorización en emprendorismo; ou as accións formativas en ferramentas de creación e xestión de empresas. Xa por último, no que se refire á internacionalización, destacou as bolsas de promoción exterior, así como as bolsas de traballo e a contratación de xestores en internacionalización.

# Traballo blinda este ano con 63 millóns de euros a formación destinada a persoas desempregadas

- A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, participou na Coruña en Laboralia, un programa de formación do Consello Social e a Fundación da Universidade da Coruña
- A titular do departamento autonómico fixo especial fincapé nos contratos da formación dual que ofertan aprendizaxe e inserción laboral cun salario acorde co convenio colectivo
- Esta actuación acadou ata o de agora a sinatura dun total de 55 contratos para os que se investiron 160.000 euros
- Mato destaca o apoio do Goberno galego aos emprendedores e autónomos o que permitiu desde 2009 a posta en marcha de 15.000 novos proxectos de negocio en Galicia

**A Coruña, 14 de febreiro de 2014.-** A Consellería de Traballo e Benestar vén de blindar para este ano 2014 a partida económica destinada á formación de persoas desempregadas, que volverá a contar con 63 millóns de euros. A titular do departamento autonómico, Beatriz Mato, destacou na Coruña esta actuación do Goberno galego, facendo especial fincapé na formación destinada aos mozos e mozas galegos, no transcurso da súa intervención en Laboralia, un programa de formación organizado polo Consello Social e a Fundación da Universidade da Coruña, en colaboración con Fundación Ronsel, que pretende promover a ocupabilidade dos estudantes e titulados universitarios.

Mato asegurou que a Xunta segue a traballar por mellorar a empregabilidade dos traballadores e traballadoras galegos, o obxectivo principal das políticas activas de emprego que impulsa o Goberno galego. Un dos eixos fundamentais destas iniciativas é a formación, xa que Mato afirmou que "a maior nivel de formación, máis oportunidades de abrirse oco no mercado laboral".

Neste senso, lembrou a aposta do departamento autonómico pola "formación de calidade vinculada a unha verdadeira mellora do currículo" e, por iso, afirmou que practicamente o 100 por cento dos cursos que se financian a través da Consellería están vinculados á obtención dun certificado de profesionalidade de validez estatal. "Este compromiso coa formación certificada é unha firme aposta deste Goberno, e, deste xeito, puxemos Galicia á cabeza das autonomías na certificación das nosas actividades formativas", detallou a conselleira. Así, desde 2009, máis de 36.000 traballadores e traballadoras obtiveron un certificado de profesionalidade en Galicia.

### Formación dual

Así mesmo, Mato puxo énfase nos contratos de formación dual destinados a desempregados menores de 30 anos que está a impulsar a Xunta de forma voluntaria e pioneira, a través do financiamento das actividades de formación, sempre que excedan, como mínimo, o 25 por cento da xornada laboral. Polo tanto, é un contrato que ofrece simultaneamente formación e inserción laboral cun salario acorde ao convenio colectivo e está deseñado especialmente para aqueles mozos e mozas que contan cunha baixa cualificación. Ata o de agora, a Xunta xa impulsou a sinatura dun total de 55 contratos de formación dual para os que se investiron 160.000 euros.

### Lei de emprendemento

Ademais da formación, a conselleira resaltou as iniciativas da Administración autonómica co emprendemento e os autónomos, un apoio que permitiu desde 2009 que os emprendedores galegos iniciasen 15.000 novos proxectos de negocio. Mato, ademais, indicou que a Xunta vén de aprobar a primeira Lei de emprendemento e da competitividade económica de Galicia que busca eliminar as trabas burocráticas e facilitar a apertura dos novos negocios.

Por último, a titular de Traballo sinalou que a Xunta seguirá este ano financiando de forma pioneira a contratación indefinida de traballadores por parte dun autónomo, unha medida que permitiu o ano pasado beneficiar 400 persoas grazas a un investimento de 2,3 millóns de euros.

**http://www.fundacion.udc.es/fuac.**














# Galicia rexistra a primeira baixada do paro nun mes de febreiro desde 2007, con 1.006 desempregados menos

**Santiago, 4 de marzo de 2014.-** Galicia rexistrou a primeira baixada do desemprego nun mes de febreiro desde 2007, antes de que comezase a crise económica. En concreto, o paro descendeu en Galicia en 1.006 persoas con respecto ao mes anterior, o que se traduce en termos relativos nunha porcentaxe do -0,36%.

A directora xeral de Emprego e Formación, Ana María Díaz, explicou que esta diminución non só se produciu en termos mensuais, senón tamén en interanuais. En concreto, o paro descendeu en 12.752 persoas con respecto ao mesmo mes do ano anterior, un 4,35% menos. Precisou que "estamos a falar dun bo dato" pero, con todo, apelou á prudencia á hora de facer valoracións, xa que os niveis de desemprego "seguen sendo elevados".

De feito, tamén había 6 anos que non se producía un descenso interanual nun mes de febreiro. Trátase, ademais, da cuarta baixada interanual consecutiva do paro rexistrado, e é a maior de todas elas (en novembro foi do -2,05%; en decembro, do -2,77%; e en xaneiro, do -3,34%). "Deste xeito, confírmase a tendencia de mellora progresiva que se iniciou a finais de 2013", subliñou a responsable autonómica.

Galicia sitúase por riba da media do Estado en termos mensuais. En España o paro descende nun 0,04% por cento en comparación ao mes de xaneiro (fronte ao -0,36% galego), o que se traduce en 1.949 desempregados menos, ata situarse nos 4.812.486 parados.

Analizando o desemprego en Galicia por sectores, obsérvase que o sector servizos acumula máis do 86 por cento do total do descenso do paro rexistrado, con 870 desempregados menos. A continuación sitúase a industria (-233), e a agricultura e a pesca (-88). Polo contra, rexístranse aumentos na construción (+69), e no colectivo sen emprego anterior (+116)

Por provincias, o paro baixou en todas elas. A maior diminución corresponde á da Coruña (-406); seguida por Lugo (-225); Pontevedra (-221); e Ourense (-154).

En canto aos contratos, en Galicia rexistráronse no mes de febreiro un total de 45.525 contratos, 10.720 contratos menos que no mes anterior; deste total, 4.408 foron indefinidos (9,68%) e 41.117 temporais (90,32%).

| | Parados mes | Variación relativa mes anterior |
|---|---|---|
| Aragón | 109.774 | -4,39 |
| Cantabria | 56.913 | -2,40 |
| Illes Balears | 89.218 | -1,67 |
| Estremadura | 150.622 | -1,31 |
| Asturias | 103.799 | -0,89 |
| Murcia | 153.211 | -0,72 |
| Cataluña | 629.586 | -0,68 |
| Castela e León | 241.729 | -0,50 |
| Galicia | 280.071 | -0,36 |
| A Rioxa | 27.763 | -0,30 |
| Canarias | 275.551 | -0,17 |
| Navarra | 53.082 | -0,15 |
| Valencia | 560.438 | 0,16 |
| Madrid | 549.514 | 0,39 |
| Melilla | 12.635 | 0,47 |
| Ceuta | 12.994 | 0,70 |
| Andalucía | 1.069.394 | 0,91 |
| Castela-A Mancha | 260.156 | 0,94 |
| País Vasco | 176.036 | 1,07 |
| **TOTAL** | **4.812.486** | **-0,04** |









## Traballo apoia o naval galego a través de liñas de colaboración para a mellora da seguridade laboral, o incremento da empregabilidade e o fomento da reinserción

- A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, mantivo un encontro coa directiva de ASIME
- Ademais, entre 2009 e 2013 a Consellería financiou con preto de 10 millóns de euros as accións formativas do sector do metal, que contaron con 4.500 beneficiarios
- Mato indicou que o bo funcionamento do servizo de prevención mancomunado do sector se demostra na redución das cifras de sinistralidade, que, no período 2009-2013, baixou nun 50% en termos absolutos
- O programa Empreganav, nacido nas mesas do diálogo social, logrou ata o momento a reinserción de máis do 40% dos participantes

**A Coruña, 25 de febreiro de 2014.-** A Consellería de Traballo e Benestar apoia o sector naval galego a través de distintas liñas de colaboración para a mellora da saúde e seguridade laboral, o incremento da preparación e da empregabilidade dos seus traballadores ou fomentando a reinserción dos profesionais desempregados.

A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, mantivo un encontro coa directiva de ASIME no que resaltou a importancia de que esta asociación coopere co departamento autonómico nestes tres eixos relativos a un sector, o metalúrxico, que representa o 20% do PIB de Galicia, conta con 3.600 empresas e emprega preto de 57.000 traballadores.

Na súa intervención, Mato lembrou que a Xunta sempre apoiou o sector do metal, como o demostra a alianza estratéxica con PEMEX que reportará a Galicia 600 millóns de euros e garante carga de traballo durante 24 meses para Navantia e Barreras, o que supón a reactivación do naval galego.

Desde a Consellería de Traballo e Benestar o apoio ao sector céntrase en tres áreas: prevención de riscos laborais, formación e na recuperación do emprego perdido no sector, a través do programa Empreganav.

No referente á prevención de riscos, o departamento autonómico colabora con ASIME desde hai máis de 10 anos no funcionamento do Servizo de prevención mancomunado do sector, un órgano propio que garante a calidade e a coordinación na prevención de riscos e na seguridade de todas as empresas mancomunadas.

Desde o Instituto de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA) apóiase este servizo ofrecendo seguimento, control, información, formación e mediación. Mato indicou que o bo funcionamento do servizo se demostra na redución das cifras de sinistralidade. No período 2009-2013 diminuíu nun 50% en termos absolutos.

No eido da formación, entre 2009 e 2013 a Consellería financiou con preto de 10 millóns de euros as accións formativas co sector do metal desenvoltas por Asime e Formega. En total o dito investimento permitiu apoiar 339 cursos que contaron con 4.500 beneficiarios.

Por último, outro dos obxectivos da Xunta é recuperar o emprego perdido no sector nos últimos anos. Neste sentido, o programa Empreganav, nacido nas mesas do diálogo social, dirixiuse á reinserción laboral das persoas desempregadas do metal, promovendo tanto a reciclaxe profesional como o espírito emprendedor. Este programa contou con mais de 450 beneficiarios e logrou, ata o momento, a reinserción de máis do 40% dos participantes.

http://www.empreganav.com/es




## Traballo pon en marcha un proxecto para promover o emprendemento en Galicia incorporando principios da RSE

- O director xeral de Traballo e Economía Social, Odilo Martiñá, inaugurou hoxe un encontro sobre responsabilidade social empresarial (RSE), organizado pola Confederación de Empresarios da Coruña (CEC)
- Odilo Martiñá opinou que implantar estas políticas non supón un gasto adicional, mentres que permite potenciar o prestixio social da empresa e contribúe á sostibilidade do sistema
- Neste sentido, Traballo conta con ferramentas para o fomento e o desenvolvemento da RSE enmarcadas no Plan estratéxico de RSE Galicia, tales como a rede transrexional, o observatorio permanente, o grupo de representación ou a ferramenta Xunta Pro-RSE.

**A Coruña, 14 de febreiro de 2014.-** A Consellería de Traballo e Benestar puxo en marcha este ano o proxecto Start up, stand up, dentro do programa europeo Enterprise 2020, co obxectivo de promover e consolidar o emprendemento en Galicia coa incorporación dos principios da RSE á súa axenda de traballo.

O director xeral de Traballo e Economía Social, Odilo Martiñá, inaugurou hoxe un encontro sobre responsabilidade social empresarial (RSE), organizado pola Confederación de Empresarios da Coruña (CEC). Na súa intervención explicou que as start up son empresas de nova creación con grandes posibilidades de crecemento e xeralmente vinculadas á innovación e ás novas tecnoloxías.

Desta maneira, o departamento autonómico pretende "promocionar o emprego xuvenil e a formación dos traballadores nas novas tecnoloxías" e, ao mesmo tempo, "cimentar a RSE como un mecanismo de xestión empresarial de presente, pero sobre todo de futuro".

Odilo Martiñá opinou que a RSE é "un modelo moderno, alternativo e emerxente, comprometido coa nosa sociedade no seu conxunto e coas persoas que a conforman" e engadiu que implantar estas políticas non supón un gasto adicional, mentres que permite potenciar o prestixio social da empresa e contribúe á sostibilidade do sistema.

Neste sentido, Traballo conta con ferramentas para o fomento e o desenvolvemento da RSE enmarcadas no Plan estratéxico de RSE Galicia, tales como a rede transrexional, o observatorio permanente, o grupo de representación ou a ferramenta Xunta Pro-RSE.

A rede transrexional ten por obxectivo fomentar a definición de novas vías de promoción da RSE por parte das administración públicas para pemes; o observatorio pretende avanzar no grao de coñecemento da realidade empresarial neste eido, a realización de proxectos de investigación, o establecemento de redes de traballo ou a promoción de novos espazos de diálogo.

Pola súa banda, o grupo de representación esta composto por 13 empresas punteiras en Galicia. Ten por obxectivo o desenvolvemento da RSE a través dun proxecto de tutela das grandes empresas ás pemes.

Por último, a ferramenta Xunta Pro-RSE está dispoñible na web da Consellería e permite ás empresas a integración das variables de RSE na xestión do negocio coa finalidade de identificar as fortalezas e debilidades e facilitar a elaboración dunha memoria de sostibilidade.

http://rse.xunta.es/




## Traballo crea unha canle de vídeos do cooperativismo galego para promover os seus produtos e servizos en Youtube

- A devandita canle leva o nome das 'Cooperativas de Galicia' e pretende agrupar e dinamizar a videoteca do cooperativismo galego para facela accesible desde calquera dispositivo, en calquera punto xeográfico e en calquera momento
- O obxectivo é converterse nun espazo onde poñer en valor as diferentes iniciativas de emprendemento, innovación, internacionalización e formación dun modelo destacado pola súa fortaleza con 90.000 socios e socias en Galicia.

**Santiago de Compostela, 9 de febreiro de 2014.-** A Dirección Xeral de Traballo e Economía Social da Consellería de Traballo e Benestar vén de poñer en marcha unha canle propia para as cooperativas galegas na plataforma YouTube, o almacén videográfico máis importante na internet.

O carácter audiovisual desta nova acción completa a estratexia do departamento autonómico a prol do cooperativismo galego no eido das redes sociais, que opera en Facebook, Twitter e Tuenti cun alcance mensual superior ás 55.000 persoas.

A devandita canle leva o nome das 'Cooperativas de Galicia', un cabeceiro adaptado ao deseño das redes sociais que integran a campaña 'Anímate a emprender! Cooperativízate!', e o lema explicativo: 'A canle de vídeos do cooperativismo galego'. A páxina preséntase con preto de cen vídeos que reflicten a capacidade e diversidade da economía social galega.

Esta ferramenta pretende agrupar e dinamizar a videoteca do cooperativismo galego para facela accesible desde calquera dispositivo -xa sexa ordenador, tableta ou móbil-, en calquera punto xeográfico e en calquera momento. As posibilidades de promoción multiplícanse nunha plataforma que supera os mil millóns de usuarios mensuais no mundo e constitúe o sitio web líder de audiencia en España.

O obxectivo desta canle é converterse nunha lanzadeira audiovisual dos principios, produtos e servizos das cooperativas galegas, así como nun espazo onde poñer en valor as diferentes iniciativas de emprendemento, innovación, internacionalización e formación dun modelo destacado pola súa fortaleza con 90.000 socios e socias en Galicia.

http://www.youtube.com/user/cooperativasgalicia



# Galicia comeza a elaborar xunto con Asturias, Cantabria e País Vasco unha avaliación de riscos tipo de buques de baixura

- A directora do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA), Adela Quinzá-Torroja participou en Santander nunha xuntanza dos institutos do Cantábrico
- O obxectivo é seguir a traballar na elaboración de novas ferramentas que sirvan para mellorar as condicións de traballo no sector pesqueiro
- Esta actuación encádrase no Plan aual de actividades 2014 do ISSGA.

**Santander, 6 de febreiro de 2014.-** Galicia está a participar en Santander xunto con Asturias, Cantabria e País Vasco nunha xuntanza dos institutos de seguridade e saúde laboral do Cantábrico para elaborar unha avaliación de riscos tipo de buques de baixura, unha das actuacións que se recolle este ano no Plan de actividades do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA).

A directora do organismo autonómico, Adela Quinzá-Torroja, representa o Goberno galego nesta reunión na que se acordou que este estudo abranguerá todos os riscos identificados, é dicir, que ademais dos de seguridade, incluirá os hixiénicos, ergonómicos e psicosociais.

O obxectivo da actuación é que sirva como modelo de aplicación nos riscos incluídos xa na primeira parte da guía da vixilancia da saúde, que publicaron os catro institutos, e, tamén, como orientación para a aplicación desta nun caso concreto. A finalidade é mostrar que coa utilización desta guía para levar a cabo a avaliación de riscos se pode conseguir que a vixilancia da saúde dos traballadores sexa específica.

A reunión, ademais, serviu para seguir a traballar na elaboración de novas ferramentas que sirvan para mellorar as condicións de traballo no sector pesqueiro. Neste senso, é preciso lembrar que os catro institutos de seguridade e saúde laboral xa elaboraron conxuntamente tres entregas da guía da vixilancia da saúde (dirixida ás frotas artesanais e de baixura; ao marisqueo a pé, extracción de recursos específicos e actividades auxiliares á pesca; e a de artes de altura e grande altura, que está a piques de presentarse), ademais de levar a cabo a avaliación de riscos ergonómicos no sector da pesca.

Precisamente, na xuntanza tamén se fixo unha valoración global dos traballos feitos ata o momento, ao tempo que se valorou a posibilidade de elaborar novas publicacións, tendo en conta a situación actual do sector.

# A sinistralidade laboral reduciuse en Galicia nun 8,35% en xaneiro de 2014

- Do total dos rexistrados, 1.804 foron casos leves, 29 graves e un mortal
- Por provincias, descenderon os accidentes laborais nunha porcentaxe do 21,89% en Pontevedra, do 7,56% en Lugo e do 1,58% na Coruña; mentres que houbo un aumento do 2,08% en Ourense
- O índice de incidencia dos accidentes diminuíu en xaneiro de 2014 un 7,10%.

**Santiago, 2 de marzo de 2014.-** A sinistralidade laboral baixou en Galicia un 8,35% o pasado mes de xaneiro, período no que se produciron 1.834 accidentes con baixa en xornada laboral, fronte aos 2.001 ocorridos no mesmo mes do ano anterior.

Do total dos rexistrados, 1.804 foron casos leves, 29 graves e un mortal.

Agás no sector da pesca, no cal a sinistralidade este mes aumentou nun 31,00%, nos demais sectores diminuíron os accidentes: na industria nun 22,68%, na agricultura nun 9,52%, na construción nun 7,80% e nos servizos nun 4,32%.

Por provincias, descenderon os accidentes laborais nunha porcentaxe do 21,89% en Pontevedra, do 7,56% en Lugo e do 1,58% na Coruña; mentres que houbo un aumento do 2,08% en Ourense.

Para ter unha visión precisa da evolución da sinistralidade laboral, é necesario tomar en consideración o índice de incidencia, é dicir, a comparación entre os datos de accidentes en relación co número de traballadores coas continxencias de accidente cubertas.

O índice de incidencia dos accidentes diminuíu en xaneiro de 2014 un 7,10%. Agás na pesca que aumentou nun 31,71%, nos demais sectores a incidencia diminuíu: nun 20,02% na industria, nun 4,81% na agricultura, nun 4,10% nos servizos e nun 1,99% na construción.

**http://issga.xunta.es/portal/index.html**










# Mato demanda un Pacto de Estado para a demografía que conte coa implicación de todas as forzas políticas e institucións

- A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, participou en Zaragoza no II Encontro interterritorial polo Cambio Demográfico, no que participan outras cinco comunidades autónomas: Aragón, Asturias, Castela e León, Estremadura, e Castela – A Mancha
- Estes seis territorios subscribiron unha declaración institucional, na que reclaman tamén unha Estratexia nacional que, segundo Mato, permitirá garantir a igualdade entre todos os cidadáns e previr a exclusión social
- As comunidades acordaron reunirse en abril co comisario europeo de Traballo e Asuntos sociais, László Andor, para analizar vías de financiamento europeo, así como organizar unha xornada con distintas rexións europeas afectadas polo problema demográfico
- Ademais, decidiuse solicitar unha nova ponderación das variables de densidade, dispersión, envellecemento, e poboación protexida na revisión do sistema de financiamento autonómico.

**Zaragoza, 24 de febreiro de 2014.-** A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, demandou xunto con representantes doutras cinco comunidades autónomas, un Pacto de Estado para a demografía, que conte coa implicación de todas as forzas políticas e institucións do país. O obxectivo é poñer en común ferramentas para garantir a viabilidade do actual sistema de benestar. Ademais, sinalou que esta iniciativa permitiría promover a igualdade entre todos os cidadáns, e previr "esa nova modalidade de exclusión social que se produce nas entidades de poboación máis pequenas".

Así o salientou en Zaragoza tras participar no II Encontro Interterritorial polo cambio demográfico. Neste encontro, déronse citas os responsables de seis comunidades autónomas, incluída Galicia. En concreto, as participantes foron Aragón, Asturias, Castela e León, Estremadura e Castela-A Mancha. Estes seis territorios representan o 60 por cento do territorio, pero non chegan ao 30 por cento da poboación. Ao finalizar a reunión, os participantes elaboraron unha declaración institucional que recolle as aspiracións destes seis territorios.

Así, as comunidades acordaron entre todas demandar ao Goberno central a creación dun grupo de traballo para que fixe as medidas posibles e a súa implantación, e pediron tamén a elaboración dunha Estratexia nacional para o cambio demográfico.

Nesta mesma liña, e tendo en conta que esta problemática é tamén común á Unión Europea, as comunidades participantes decidiron manter no mes de abril unha xuntanza co Comisario europeo de Emprego e Asuntos sociais, László Andor, para expoñer as demandas e as necesidades destas seis rexións, ademais de para analizar as posibles vías de financiamento por parte da Unión Europea para mellorar a prestación de servizos, fixar poboación e mellorar os datos demográficos.

Esta mesma data aproveitarase tamén para celebrar unha xornada de traballo con outras zonas europeas coa mesma problemática, especialmente con aquelas que teñan conseguido afrontar con éxito os desafíos demográficos. A finalidade é buscar alianzas, intercambiar información e experiencia, tal e como a propia Unión Europea recomenda.

No documento pactado, tamén se acordou demandar unha nova ponderación das variables de densidade, dispersión, envellecemento e poboación protexida na revisión do sistema de financiamento autonómico. Ao respecto, solicitarán tamén ao Goberno central un maior investimento nas políticas de desenvolvemento rural, xa que afectan directamente na vertebración e ordenación do territorio.

O III Encontro de rexións –o primeiro foi en Asturias- celebrarase en xuño en Mérida, e nel poranse en común as accións realizadas, as conclusións, os resultados e os próximos pasos a seguir neste ámbito.

### Actuacións en Galicia

Segundo destacou Mato, Galicia ten o segundo maior índice de envellecemento do Estado, e tamén o segundo índice de fecundidade máis baixo. Máis do 23 por cento do total da poboación galega ten máis de 65 anos e Galicia é, ademais, unha das rexións máis afectadas polo inverno demográfico, segundo o Informe Europeo rexións 2020, que sitúa esta comunidade autónoma no posto 25 de 267 rexións analizadas nun ranking de vulnerabilidade ante os cambios demográficos.

A conselleira resaltou que a esta situación se suma unha "característica propia" de Galicia, que é a dispersión da poboación. Máis de 1,2 millóns de galegos residen en entidades de poboación inferiores a 1.000 habitantes, o que supón máis do 44,5 por cento da poboación galega. É precisamente esta situación a que provoca a "nova modalidade de exclusión social" que expuxo Mato, e que se basea fundamentalmente en que os habitantes de núcleos pequenos teñen unha maior dificultade para acceder a recursos e servizos en igualdade de condicións co resto da poboación.

Para facer fronte a estas circunstancias, a Xunta está desenvolvendo o primeiro Plan de dinamización demográfica da historia da autonomía galega, que inclúe un total de 69 medidas divididas en catro áreas: sensibilización; impulso socioeconómico á maternidade; apoio ás familias; e coordinación interdepartamental e transversalidade.

Os primeiros pasos que se están a dar céntranse no desenvolvemento normativo das medidas máis novas (casas–niño, ou o servizo de axuda no fogar para a infancia) e no eixo da sensibilización. Este último aspecto é fundamental, dado que "a sociedade non valora maioritariamente a cuestión demográfica como un problema", subliñou Mato.

Neste último eixo, a conselleira adiantou que o próximo 21 de marzo celebrarase en Santiago un Congreso Internacional de Demografía, no que participarán expertos internacionais do ámbito institucional e científico. Na xornada, afondarase na análise das causas da situación e avaliaranse os pasos que deberán seguir as institucións públicas para facerlles fronte.



# Galicia rexistrou en 2013 un total de 146 adopcións, das que 89 foron de carácter internacional

- A directora xeral de Familia e Inclusión, Amparo González, ofreceu en rolda de prensa o balance dos datos do exercicio pasado
- Os países dos que procederon a maior parte dos nenos e nenas foron Etiopía, China, Colombia e Vietnam
- A responsable autonómica presentou tamén a Guía de entidades colaboradoras de adopción internacional (ECAI), que se edita por primeira vez na Comunidade autónoma
- O obxectivo do documento é achegar aos interesados as características e modos de traballar destas entidades, así como coñecer os seus dereitos e deberes.

**Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2014.-** Galicia rexistrou durante 2013 un total de 146 adopcións de menores. Deste total, 89 foron de carácter internacional –chegados de 17 países distintos- e 57 producíronse dentro do ámbito nacional.

Así o salientou a directora xeral de Familia e Inclusión, Amparo González, durante unha rolda de prensa na que fixo balance dos datos do exercicio anterior. En canto ás solicitudes, indicou que en 2013 se presentaron 217 en adopción nacional e 165 en internacional. Con todo, precisou que hai que ter en conta que o proceso de adopción non se resolve, en xeral, no mesmo ano no que se presenta a solicitude, polo que as resolucións producidas este ano veñen de expedientes de anos anteriores.

No que se refire á distribución de provincias, as 57 adopcións nacionais repartíronse do seguinte xeito: 23 en Pontevedra, 16 na Coruña, 10 en Lugo e 8 en Ourense. Pola súa banda, das 89 asignacións internacionais, 50 foron na Coruña, 27 en Pontevedra, 9 en Ourense e 3 en Lugo.

Por países, a maior parte dos nenos asignados en 2013 proceden, por esta orde, de Etiopía, China, Colombia e Vietnam. Tamén se produciron adopcións en: Brasil, Bulgaria, Burundi, Costa de Marfil, Filipinas, Hungría, Kazakhstan, México, Panamá, Perú, Polonia, Rusia e Ucraína.

### Guía de Ecais




Ademais, a responsable autonómica presentou a Guía de entidades colaboradoras de adopción internacional (ECAI), que se elabora por primeira vez na Comunidade autónoma e que se publica na web da Consellería.

As ECAI son entidades privadas sen ánimo de lucro habilitadas polas entidades públicas para intervir en funcións de intermediación en adopción internacional. Encárganse de tramitar os expedientes das persoas solicitantes para o país ou países para os que estean habilitadas. Polo tanto, sobre elas recae gran parte da responsabilidade na información, formación, acompañamento e asesoramento das familias.

Polo tanto, o obxectivo desta guía é achegar ás persoas interesadas de "forma práctica e sinxela" as características e modo de traballar destas entidades e comprender cal é o seu papel: que condicións deben cumprir, cales son as súas funcións, as súas obrigas e os seus dereitos.

Pero a guía non só se limita a esta información, senón que tamén explica os pasos necesarios para tramitar un expediente de adopción internacional e o papel que xogan as ECAI.

Na rolda, a directora xeral explicou os grandes pasos que hai que dar para abordar unha adopción internacional. Para iniciar o expediente, os interesados deberán asistir a unha sesión informativa e participar nun curso de formación. Posteriormente, entrégaselles o impreso de solicitude para comezar o proceso.

Logo da solicitude, realízase a valoración de idoneidade, que é un estudo psicolóxico e social que ten como fin determinar se os solicitantes posúen as capacidades necesarias para atender os nenos e nenas.

Unha vez obtido o certificado de idoneidade, de cara á adopción internacional, hai dúas vías: a través do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade (protocolo público), no que os solicitantes deben preparar toda a documentación do expediente; ou a través da ECAI, que é a que se encarga de completar o expediente, traducilo, e remitilo á persoa que a represente no país de orixe do menor para presentalo ante as autoridades competentes.

Cada país establece as vías de tramitación que admite, e outros exclúen expresamente algunha delas. Por exemplo, pode haber países que só permiten a tramitación a través das ECAI, mentres outros non permiten esta fórmula.

### Apoio ás adopcións

González resaltou que esta iniciativa se inscribe na aposta da Consellería de Traballo e Benestar por reforzar e apoiar a adopción. Ao respecto, fixo fincapé en que a adopción "é un dereito dos nenos, e non dos pais, e sempre debe prevalecer o interese superior do menor".

Entre outras actuacións, o Goberno galego xa aumentou a duración dos cursos de preparación para os solicitantes, e seguiranse poñendo en marcha programas de formación e apoio ás familias que se atopen en espera, ademais de establecer un servizo de asesoramento postadoptivo.

A comunidade autónoma conta tamén, desde 2010 co Portal de adopcións (http://adopcions.xunta.es), que xa se ten convertido nun referente informativo para as persoas que queiran adoptar e que conta tamén coas estatísticas de adopción de anos anteriores. En 2013 recibiu case 48.500 visitas.

**http://adopcions.xunta.es/**




# Ábrese o prazo para solicitar praza nas 146 escolas infantís da rede A Galiña Azul da Xunta

- O Diario Oficial de Galicia publica a orde que regula este procedemento para o curso 2014/2015
- As solicitudes poderán presentarse ata o venres 21 de marzo inclusive
- No baremo para nenos e nenas de novo ingreso increméntase a puntuación outorgada a cada pai e nai por estar en situación laboral de ocupación
- As familias cunha renda per cápita igual ou inferior a 7.500 euros anuais beneficiaranse da exención total de cota a partir do segundo fillo que acuda á mesma escola infantil
- O curso para os menores de 3 anos comezará o 4 de setembro.

**Santiago, 21 de febreiro de 2014.-** A Consellería de Traballo e Benestar abre o prazo para solicitar praza nas 146 escolas infantís da Rede Galiña Azul. O Diario Oficial de Galicia publica os requisitos e procedementos para solicitar as prazas. A resolución cos prazos e o lugar de presentación das instancias poderá consultarse a través da web www.escolasinfantís.net ou no propio centro onde se queira matricular o neno ou nena.

Segundo se sinala no devandito anuncio do DOG, o prazo para a presentación de solicitudes de renovación de praza ou de novo ingreso será dende o 22 de febreiro ata o 21 de marzo inclusive, as listas provisionais de admitidos publicaranse o día 2 de maio e as listas definitivas, o día 27 de maio. O prazo para formalizar a matrícula dos nenos e nenas admitidos será dende o 28 de maio ata o 10 de xuño, ambos os dous incluídos. O curso comezará o 4 de setembro.

A rede A Galiña Azul inclúe na súa oferta para o curso 2014/2015 unha nova escola infantil de 82 prazas en Ferrol e 41 novas prazas na escola infantil da Laracha, que tras unhas obras de ampliación pasa das 74 prazas actuais ás 115 o próximo curso.

Así, a oferta total da Xunta para o curso 2014/2015 ascende a 8.750 prazas en 148 escolas infantís. Esa oferta inclúe dúas escolas, as dos edificios administrativos da Xunta en Pontevedra e en Vigo, que terán un procedemento de matrícula independente ao estar as prazas reservadas para os fillos de traballadores da Administración autonómica.

Asimesmo, a planificación da Consellería de Traballo e Benestar inclúe actualmente un total de 25 novas escolas infantís das que 13 xa están en tramitación (en obras, teñen a obra adxudicada ou están en trámites para que as obras comecen proximamente).

### Novidades no procedemento

A orde que regula o procedemento de adxudicación de prazas nas escolas infantís inclúe algunhas novidades. Así por exemplo, no baremo para nenos e nenas que solicitan praza por primeira vez nunha escola a puntuación outorgada a cada pai e nai en situación laboral de ocupación increméntase, pasando de 5 a 6 puntos. É preciso lembrar que xa o ano pasado este baremo se incrementou nun punto.

Tamén, no que respecta ao baremo, se lle outorgarán, como novidade, 3 puntos aos beneficiarios dunha Renda de integración social de Galicia (RISGA) que se atopen no tramo de inserción, co fin de dar cumprimento á Lei de Inclusión Social de Galicia, que entrou en vigor en xaneiro deste ano e co obxectivo fundamental de facilitar a vida laboral e familiar ás persoas perceptoras da RISGA.

Así mesmo, as familias cunha renda per cápita igual ou inferior aos 7.500 euros anuais beneficiaranse dunha exención total de cota a partir do segundo fillo que acuda á mesma escola infantil.

Hai que destacar tamén que se inclúe o suposto de enfermidade grave para xustificar a necesidade de que un neno ou nena asista á escola infantil en periodos en que os centros permanecen pechados. Ata agora a xustificación desa necesidade era unicamente por motivos laborais.

### Fóra de prazo e cheque infantil

